# Cadernos de traballo

4º Educación Primaria

Semana do 18 ao 24 de maio de 2020

## INSTRUCIÓNS PARA REALIZAR O TRABALLO:

A continuación, tes uns caderniños con fichas nas que hai diferentes exercicios para traballar un pouquiño estes días.

Para facelos sería ideal que tiveras o horario de clase diante. Deste xeito, podes coller o caderno da materia que nos tocaría traballar tamén na aula a esa mesma hora.

Non tes que facer todas as clases do horario todos os días, organízate ben e traballa un pouco cada día.

É importante que non te esquezas de facer tamén a hora de ler. Recorda 20 minutiños diarios de lectura en voz alta. Mira a proposta de Leoteca, tes unha chea de libros para descubrir. Anímate!
http://bibliocanosa.blogspot.com/2020/05/libros-na-distancia.html

## TAREFAS A ENTREGAR:

Esta semana tes que enviarme ao correo amestraraquel@gmail.com o cartel de plástica, os problemas de matemáticas e o programa de radio de lingua galega.

Recorda que tamén tes que entregar as tarefas de Inglés e Música. No PDF destas materias tes os correos da profe Elena e da profe Sara.

# Cuaderno de Lengua Castellana

# COMPRENSIÓN LECTORA:

- Pincha en el siguiente enlace: http://www.ceiploreto.es/sugerencias/Comprension_lectora/tercer_ciclo/367/267/index.html
- Lee despacio y varias veces el texto "BALLENEROS".
- A continuación, saca las palabras clave del texto, la idea principal y haz un pequeño resumen (máximo 4 líneas).
- Copia y responde las preguntas en tu libreta.
- Puedes ver las soluciones de las preguntas al terminar de responder.
- Para terminar, completa en tu libreta el siguiente esquema:



2. Señala el sujeto y el predicado de las siguientes frases:

María es tu amiga más alta.

___________________________________

El árbol está un poco seco.

__________________________________

Las clases están vacías en mayo de 2020.

____________________________________________

Acaba de llegar a Coristanco el amigo de Laura.

____________________________________________________

3. Señala los artículos, sustantivos, adjetivos, posesivos, indefinidos y demostrativos:

Aquella chica es muy joven.

___________________________

Tus padres llegan tarde.

________________________

Algún piso está en venta.

_________________________

El perro come pienso.

______________________________

Su estuche está roto.

___________________________

Una libreta está en el suelo.

___________________________________

3. Ahora vamos a hacer un dictado.
Primero busca a alguien que te pueda ayudar.
Vete a la página 115 del libro del segundo trimestre de Lengua Castallana.
Dile a esa persona que elija uno de los dos dictados que aparecen en el recuadro de DICTADOS GRADUADOS, al final de la hoja.
Escribe en tu libreta Dictado con bolígrafo rojo y escribe lo que te van dictando con lápiz por si tienes que borrar.
Presta mucha atención y fíjate.

Cuanto termines corrige lo que acabas de hacer mirando por el libro y señalando los fallos con bolígrafo rojo.

# Cuaderno de Matemáticas

1. Coloca y calcula:

391, 24 + 12, 897 + 141 =

123 + 12, 7 + 0, 258 =

7, 015 – 2, 578 =

9, 257 – 4, 798 =

23, 475 × 3, 76 =

12, 9 × 8, 4 =

12.478 : 36 =

48.209 : 54 =

**2. Resuelve los siguientes problemas (subrayamos los datos y la pregunta en el enunciado y ponemos la operación y la solución):**

- Alfredo, el tendero, tiene que empaquetar 360 botellas de agua en cajas con 24 botellas en cada una. ¿Cuántas cajas necesita?

-En una tienda de deportes había ayer 83 balones y se vendieron 42. Hoy se ha recibido un pedido de 50 balones y se han vendido 38. ¿Cuántos balones quedan?

-Alquilar un coche cuesta 70 euros el primer día y 50 euros cada uno de los días siguientes. Ángela alquiló un coche durante 6 días. ¿Cuánto pagó?

-Una carrera ciclista de 180 km se celebra en un circuito de 36 km de longitud. ¿Cuántas vueltas deben dar los corredores al circuito?

-En una carrera ciclista tomaron la salida 15 equipos con 12 corredores cada uno. Al cabo de una semana han abandonado 63 participantes. ¿Cuántos corredores quedan en la carrera?

-Nerea compra 5 chicles de 15 céntimos. Si paga con una moneda de dos euros, ¿cuánto le devuelven?

-Un agricultor quiere envasar 1.850 kilos de manzanas en cajas metiendo 25 kilos en cada una. ¿Cuántas cajas completará?

# Caderno de Lingua Galega

# Comprensión lectora:

## O mundo ao alcance da man!



Todos os anos, chova ou raie o sol, imos á Feira das Nacións. Nunha explanada inmensa, un cento de postiños ofrecen comidas, bebidas e artesanía de todo o mundo. No centro hai un escenario onde non para a música. Podes oír cancións en inglés, en francés, en árabe, en ruso, en chinés, en alemán… Todo un repaso ás músicas do planeta!

Mentres paseamos pola explanada, uliscando aquí e acolá, soñamos longas viaxes que nos levarán algún día a terras afastadas: África, Asia, América… Á hora de xantar, probamos comidas exóticas: hamburguesa de canguro, bisté de crocodilo… E despois, escudriñando nos postos, atopamos sempre algún tesouro vido doutro mundo: un instrumento musical, un xoguete, uns pendentes, un obxecto decorativo… A Feira das Nacións ponnos o mundo enteiro ao alcance da man!

Ao volver para a casa, coa cabeza fervendo de experiencias novas, o meu irmán e mais eu fixemos e desfixemos fantásticos proxectos de futuro:

–Seremos exploradores!

–Navegantes ou pilotos!

E, sempre, meu pai, miña nai, ou os dous á vez, se encargan de facernos volver á realidade:

–Pois xa o sabedes, criaturas! A estudar idiomas a fondo!

Palabras clave: ________________________________

Idea principal: ________________________________

Resumo: ________________________________

________________________________

________________________________

________________________________

________________________________

**1** **Escribe diante de cada afirmación V se é verdadeira ou F se é falsa.**

- ☐ A protagonista e a súa familia van á Feira das Nacións todos os anos.
- ☐ A feira celébrase nun gran pavillón cuberto.
- ☐ Nesta feira hai produtos de artesanía e de alimentación de todo o mundo.
- ☐ Na feira óese sempre música galega.
- ☐ Á hora de xantar, os protagonistas elixen comidas tradicionais.
- ☐ Visitar esta feira fai que os rapaces desexen ser exploradores, navegantes ou pilotos.
- ☐ Os pais recoméndanlles aos seus fillos que estuden idiomas para viaxar polo mundo.

**2** **Marca o significado correcto das expresións destacadas.**

| | | |
|---|---|---|
| Imos á feira **chova ou raie o sol**. | ☐ Pase o que pase. | ☐ Só se chove. |
| Paseamos **uliscando aquí e acolá**. | ☐ Cheirándoo todo. | ☐ Pescudándoo todo. |
| Estudaremos idiomas **a fondo**! | ☐ A desgana. | ☐ Con moito interese. |

**3** **Escribe cada palabra no seu lugar.**

artesanía • explanada • exótico • escudriñar



- ________ ▸ Porción ampla de terreo chan.
- ________ ▸ Produción de obxectos feitos á man.
- ________ ▸ Observar todo con moita atención.
- ________ ▸ Que provén dun territorio estranxeiro e arredado.

**4** Relaciona as palabras da lectura coas que teñan un significado contrario.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| inmensa | longos | arredadas | novas | fantásticas |
| reais | próximas | vellas | curtos | minúscula |

**5** Razoa. Por que se di no texto «A Feira das Nacións ponnos o mundo enteiro ao alcance da man!»?



# Expresión oral:

Agora, que che parece se facemos un **programa de radio** para os nosos queridos oíntes?

Para poder gravalo podes usar a gravadora dun teléfono móbil, do ordenador, tablet... Ou incluso vale con un vídeo.

Neste programa de radio tes que falar sobre o que pasamos todos estes días, trata de explicar aos oíntes de CANOSA ONDA que estamos pasando

todos estes meses desde que deixamos de ir ao cole polo coronavirus.
Podes contar que é o coronavirus, que estiveches facendo todos estes días na casa para pasar o tempo, como te sentías, que podes facer agora que non podías facer antes, que é o que máis botas de menos... Todo o que queiras contar aos nosos oíntes.

Trata de ser o máis creativo posible e non te esquezas de comezar con un **saúdo** e de rematar con unha **despedida**.

O **tempo máximo é de un minuto** de gravación.



# EXPRESIÓN ESCRITA:

**1** **Observa atentamente o gráfico e relaciona.**




- ☐ Sáenlle as patas de atrás.
- ☐ A ra pon os ovos.
- ☐ A larva (cágado) aliméntase de algas e detritos da auga.
- ☐ A ra perde o rabo e medra ata que chega á madurez.
- ☐ Cando ten tamén as patas de diante, sae da auga. Aliméntase de insectos.

**2** **Escribe un texto sobre as ras a partir do gráfico.**

O CICLO DE VIDA DA RA

A ra pon os ovos na auga. Cara ás dúas semanas nace a larva, o cágado, que ____________________

# Caderno de CCNN

## Que che parece se esta semana investigamos un pouco sobre a importancia das abellas e quen está a acabar con elas?

Aquí vos deixa uns vídeos para que poidades ter unha pouco información, pero ao longo da semana tedes que ir buscando vós máis vídeos e máis información para poder completar a investigación.

https://www.youtube.com/watch?v=546MGlSthbU

https://www.youtube.com/watch?v=edu8gEIzAmw

Tamén quero que vexades este vídeo que ademais de darvos unha chea de información seguro que vos trae moitos recordos.

https://www.olloboi.com/projects/a-invasion-da-avespa-velutina/

## Agora fai as seguintes tarefas:

1. Busca ti máis vídeos sobre a importancia das abellas e escribe en 6 liñas, máis ou menos, as razóns polas que debemos protexelas.

Debemos protexer as abellas porque...

2. Busca algún vídeo de como construír unha trampa para cazar avespas velutinas. Escribe de forma clara como farías unha. Lembra poñer: 1º, 2º, … para enumerar os pasos a seguir.

3. Se tes quen che axude na casa constrúe ti unha e cólgaa nalgunha árbore froiteira. Logo, se queres, podes enviarme unha foto ao correo.

# Caderno de Plástica



Inspirándote nesta ilustración, elabora ti un cartel para animar a todo o mundo a coidar as abellas.

Podes facer este traballiño nun folio, nunha cartolina… Utilizando o material que ti queiras: cores, rotuladores, material de refugallo…

O teu cartel non ten porque poñer o mesmo nin ter os mesmos debuxiños, xa sabes, con moita creatividade!

Ao rematar envíame unha foto ao correo.

